



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) PEÓN FORESTAL, SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (EXP. TR351G 2024/000006-1 – EXP. 2024/E001/000006)

DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: PROBA PRÁCTICA

En Ordes, a 6 de agosto de 2024, sendo as dez horas reúnese na parcela 78 do Parque empresarial de Merelle, Ordes, o Tribunal que ha de xulgar a **SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) PEÓN FORESTAL, SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (EXP. TR351G 2024/000006-1 – EXP. 2024/E001/000006)**, convocada por resolución de alcaldía nº 989/2024, de data 16 de xullo de 2024.

Asisten:

- **Presidente:** María Mónica Iglesias Prego, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

- **Vogais:**

Javier Siro Suárez Rodríguez, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

Ramiro Rama Figueira, Funcionario da escala de administración especial, subescala de servizos especiais, persoal de oficios.

Pedro Antonio Ferreiro Rodríguez, Persoal laboral, Oficial 1ª.

- **Secretaria:** Pilar Rey Rodís, Funcionaria da escada de administración xeral, subescala técnica.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 7ª (Desenvolvemento do proceso selectivo) á realización da Proba práctica relacionada coas funcións do posto a desempeñar.

O Tribunal propón como probas prácticas a realizar as actuacións seguintes:

1º. Utilización de maquinaria forestal: montaxe e desmontaxe de desbrozadora manual con disco de fío e montaxe e desmontaxe de desbrozadora manual con disco de cuchilla.

2º. Utilización de maquinaria forestal: montaxe e desmontaxe dunha máquina motoserra para cortar de madeira.

O tempo do que dispón cada aspirante para o desenvolvemento de cada Proba práctica é de 20 minutos.

A puntuación máxima que se pode obter nesta Proba práctica é de 10 puntos.

Valorada a Proba práctica realizada (coñecemento da maquinaria forestal, capacidade para a súa correcta e completa montaxe e desmontaxe, pericia e celeridade na súa execución), o Tribunal outorga as puntuacións seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
PULLEIRO JUNCAL, GONZALO	***0856**	5
RIAL RODRÍGUEZ, DAVID	***2999**	6



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

(*) Resultarán eliminados os/as aspirantes que non cheguen á metade da puntuación máxima desta proba.

Seguidamente, o Tribunal declara que superan a Proba práctica os aspirantes seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
PULLEIRO JUNCAL, GONZALO	***0856**	5
RIAL RODRÍGUEZ, DAVID	***2999**	6

(*) Os aspirantes dispoñen dun prazo dun día hábil, desde o día seguinte á publicación do resultado da valoración da proba práctica, para presentar alegacións e solicitar a súa revisión.

Visto que todas os aspirantes que continúan neste proceso selectivo acreditaron estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 2) ou equivalente, non veñen obrigadas a superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as once horas do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura electrónica

A presidenta,
María Mónica Iglesias Prego
(asinado dixitalmente)

A secretaria,
Pilar Rey Rodís.